



## REPORTAXE

### María del Carmen Krukenberg, unha poeta con praza propia

A cidade de Vigo rendeuille unha homenaxe á escritora María del Carmen Krukenberg, *Chuchi* para os seus amigos que son milleiros, e para iso deixou escrito o seu nome na placa que lle dá nome a unha praza. É unha honra que a poeta acepta e agradece pero non sen lembrar que na súa familia houbo outros membros que "a mereceron máis ca min" e cita como exemplo o seu bisavó que, como oficial, loitou na batalla de Pontesampaio contra os invasores napoleónicos ou o seu avó, un dos impulsores, no comezo deste século, da primeira expansión urbana da cidade.

Foi sempre unha avanzada feminista que ós 16 xa asistía ós faladoiros literarios do Bar Derby vigués, onde se reunía cos grandes persoeiros das letras e das artes daqueles tempos como Laxeiro, Coimeiro, os irmáns Álvarez Blázquez, os irmáns Del Riego, Celso Emilio Ferreiro ou Carlos Maside.

Non sempre viviu en Vigo, pero en todo momento lembrou a Galicia, tñíaa no seu pensamento e expresábaa nos seus

versos galegos, un idioma que curiosamente aprendeu cando só tiña cinco anos dos caseiros do predio que os seus pais tiñan no barrio de Coia e que eran procedentes de Reiriz "por eso foi un idioma rural que sempre mantiven". Logo estudou no Colexio Alemán "non por razóns de apelido, como podería deducirse, senón porque era o único vigués que non estaba rexido por monxas e no que a educación era mixta; isto foi moi interesante cara á miña vida futura porque axiña aprendín o que era o trato de igualdade entre os sexos".

Foi unha adiantada "porque fixen unha vida, que entón era criticada, pero non era moi diferente á das mulleres que hoxe se consideran máis normais e máis aceptadas". Un feito importante da súa vida foi a estada en Bos Aires, onde tivo a posibilidade de conectar cos grandes intelectuais galegos que estaban nun exilio, ás veces voluntario anque forzado polas necesidades económicas, e outras obrigado como consecuencia das ideoloxías políticas, en-



A escritora María del Carmen Krukenberg, na súa casa viguesa, onde vive actualmente

tre eles Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Lorenzo Varela e incluso Castelao, así como a outros que pasaron pola capital argentina como Rafael Alberti ou Miguel Ángel Asturias.

Despois, durante os anos 50 retornou a España e quedou en Madrid cinco anos moi interesantes. "Fixen amizade cos poetas máis sobranceiros como Vicente Aleixandre, José García Nieto, Luis López Anglada, José Hierro ou Gerardo Diego e publiquéi algúns libros en castelán, entre eles *Rumor de tiempo*, *Los pájaros inmóviles* ou

*Poemas y canciones de aquí y de allí*". Retornou a Vigo para fixar definitivamente a súa residencia en 1955, anque, sempre inqueda, viaxando de cando en vez a diversos países para coñecer novas experiencias.

Dende moi nova comezou a súa andaina literaria e o primeiro libro foi unha colección de poemas titulada *Cantigas do vento* en lingua galega escrito en 1949 pero editado sete anos máis tarde, "despois de pasalas experiencias do matrimonio, a maternidade e a separación". Logo seguiron outros

ata preto de 25 publicados. Entre os máis recentes están *XXI poemas nun grido de luz*, *Meditacións á beira da noite* así como a tradución ó galego do seu propio poemario inicialmente en castelán *Poemas inevitables* e nestes días saíron á rúa os poemas *Jazz, jazz espido* e as narracións *Historias na memoria*. Solidaria cos demais, recentemente preparou recitais con versos de diversas escritoras galegas de varias xeracións e discos con poesías tamén de novos poetas da nosa terra.

**Albino Mallo**